

36.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 29 DE AGOSTO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Accidental:

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

Interventora Accidental:

M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 35/2016 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 22 DE AGOSTO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 35/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 22 de agosto de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse **DENEGAR A LICENZA DE OBRA** para construción dunha nave para cebadeiro de porcino con base na documentación que obra no expediente e no informe desfavorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 3 de agosto de 2016.

3.- INFORMES PREVIOS.

3.1.- Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal**, de data 09 de agosto do 2016, elaborado en relación coa solicitude formulada polo Concello de Rodeiro, sobre as distancias a asentamentos de poboación, vivenda illada e outras explotacións sobre a ampliación de explotación destinada a galiñas poñedoras ecolóxicas no lugar de Penela, parroquia de Pedroso de Rodeiro.

3.2.- Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal**, de data 16 de agosto do 2016, elaborado en relación coa solicitude formulada polo Concello de Dozón, sobre as distancias a asentamentos de poboación, vivenda illada e outras explotacións sobre a ampliación de explotación porcino no lugar de Sixto, parroquia de Sixto, Concello de Dozón.

4.-EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

4.1.- Acordouse **adxudicarlle o contrato de obras** denominado **“MELLORA DE CAMIÑOS DE PORTOSECO (GOIÁS) E REGUFE (SELLO)” PLAN MARCO 2016** á empresa TABOADA Y RAMOS, S.L, por un importe de 130.897,00 euros máis a partida de 27.488,37 euros, correspondente ao IVE, resultando un importe total 158.385,37 euros, e unhas melloras por importe de 19.437,36 € (IVE incluído), por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, tal e como se desprende das actas da mesa de contratación dos días 4 e 17 de agosto de 2016.

4.2.- Acordouse **adxudicarlle o contrato de obras** denominado **“REHABILITACIÓN E SANEAMENTO DA RONDA ESTE-NORTE (TRAMO AV/ORENSE -EP 6009) (PPOS/2015)”** á empresa **EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.A.**, por un importe de 158.034,00 euros, máis a partida de 33.187,14 euros, correspondente ao IVE, resultando un importe total de 191.221,14 euros e unhas melloras consistentes na colocación de sinalización luminosa de advertencia de perigo no paso de peóns fronte ao Colexio Manuel Rivero así como o compromiso de destinar un 5% sobre o Orzamento de Execución Material ao Control de Calidade; todo elo por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, tal e como se desprende das actas da mesa de contratación dos días 4 e 17 de agosto de 2016.

5.- FACTURAS E CONTAS.

5.1.- Acordouse **aprobar e declarar de abono** a relación de facturas nº 00103 por importe de 29.259,05 €, a relación nº 00104 por importe de 132,76 € e relación nº 00106 por importe de 12.753,68 €.

6.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

6.1.- Acordouse **aprobar a concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 150 € a aboar en efectivo.

6.2.- Acordouse **solicitar á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios** de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 63 do día 30 de marzo, polo que regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e segundo a Orde de 13 de xullo de 2016 pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento de gastos de persoal dos servizos sociais comunitarios, por importe total de 498.784,61 €.

6.3.- Acordouse **aprobar a conta xustificativa de gastos** correspondentes ao segundo trimestre de 2016 (entre o 01/04/2016 e o 30/06/2016), por importe de 5.072,93 €, imputándose o 50% do custo salarial do persoal encargado da Aula CeMIT de Lalín.

6.4.- Acordouse **autorizar e comprometer un gasto por importe de 20.570 € (IVE incluído) con destino á contratación do servizo de asesoramento e elaboración do estudo e proposta de reestruturación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Lalín** e do seu organismo autónomo así como da reorganización dos seus recursos humanos polo período dun ano con suxeición ó réxime dos contratos menores.

6.5.- Acordouse contratar coa empresa TRAYFOR DEZA, S.L. o **SERVIZO DE DESBROCE DE PISTAS MUNICIPAIS** de 26,00 quilómetros, en desenvolvemento do Convenio entre o Concello e a Consellería de Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizos, e autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.995,42 € (IVE incluído) para atender ó gasto derivado do citado contrato menor de servizos.

6.6.- Acordouse **aprobar as Bases para a concesión de premios da**

XXXIIª Edición de Feiradeza e o XXIIº Concurso de Gando Frisón do Concello de Lalín, e autorizar o gasto por importe de 7.500,00 euros.

7.- CORRECIÓN DE ERROS.

7.1.- Acordouse **corrixir o erro** detectado na transcripción do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 16 de agosto de 2016, apartado 7.6.

7.2.- Acordouse **corrixir o erro** detectado no punto 4.2. da acta correspondente ao día 27 de xuño de 2016.

4.2.- Acordouse **iniciar o expediente de contratación** denominado “REHABILITACIÓN, SANEAMENTO, E REFORZO DO FIRME DA RONDA NORTE-ESTE (LALÍN) – PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2016) LIÑA 1” mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 414.897,69€ máis a partida de 87.128,51€ correspondente ao IVE e un prazo máximo de execución dun (1) mes.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

8.1.- Acordouse **conceder autorización municipal**, para que con motivo da celebración das Festas da Nosa Señora do Monserrat os vindeiros días 9, 10, 11 e 12 de setembro de 2016, se corte a circulación rodada na Avenida do Monserrat para a instalación das atraccións e posterior retirada das mesmas nas datas indicadas, sempre e cando se sinalice correctamente, se deixe paso aos garaxes dos residentes e a correspondente saída de emerxencias e condicionado a que obteñan a pertinente licenza de espectáculos públicos e actividades recreativas.

8.2.- Acordouse **denegar autorización** para que, con motivo da celebración das Festas da Nosa Señora do Monserrat os vindeiros días 9,10,11 e 12 de setembro de 2016 e ante a necesidade de organizar a circulación rodada con motivo do corte da circulación na avenida do Monserrat, se faciliten, por parte do Concello, vallas ordinarias, vallas de dirección prohibida e contedores adicionais para a recollida do lixo e que se proceda á limpeza do campo da festa o día 13 de setembro polos servizos municipais, dado que o Concello non pode realizar tal limpeza nunha finca que non é de titularidade municipal.

8.3.- Concedese **autorización municipal** para o corte ao tráfico na rúa

Wenceslao Calvo Garra o martes día 30 de agosto de 2016 durante todo o día para a desmontaxe da Grúa Torre da obra de Construcións Pichel Hnos, sempre e cando se deixe entrada e saída para os garaxes dos residentes.

8.4.- Deuse conta da documentación recibida da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, de data 26 de agosto de 2016 e do 29 de agosto de 2016, relativa á comunicación presentada por traballadores da Oficina Agraria Comarcal de Lalín para a realización de concentracións diante do seu centro de traballo os días 1, 7, 14, 21 e 28 de setembro de 2016, entre as 10:00 e as 10:20 horas.

8.5.- Concedeuse **autorización municipal** para celebrar un acto político do Partido Popular o día 3 de setembro na Carballeira do Rodo, e no caso de que fixera mal tempo na pista de cemento do pavillón municipal, se trasladen ao día seguinte, o 4 de setembro de 2016, nos mesmos horarios e condicións. O acto terá lugar o domingo 4 de setembro entre as 8:00 horas e as 22:00 (incluíndo montaxe e desmontaxe) na Carballeira do Rodo, e se non son boas as condicións climatolóxicas celebrárase na pista de cemento do pavillón municipal.

8.6.- Concedeuse **autorización municipal** para a utilización da Praza da Igrexa o sábado 3 de setembro de 2016, para a realización dun acto de Compromiso por Lalín.

8.7.- Concedeuse **autorización municipal** para a realización dunha charla–coloquio sobre “Os represaliados/as do Deza no franquismo” no museo municipal o día 1 de setembro de 2016, de 20:00 a 22:00 horas.

8.8.- Concedeuse **autorización municipal** para utilizar o salón do Pazo de Liñares os días 5 e 8 de setembro de 2016, para realización do “Evento gastronómico e presentación de mobiliario gourmet da empresa Tawi”.
